



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada: Intimidade, imaxe e medios de comunicación públicos

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 15/10/2014 - 08:00h ao 27/10/2014 - 11:00h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no artigo 4, recolle os principios inspiradores da actividade de comunicación audiovisual da Corporación RTVG, entre os que se encontran os seguintes:

- O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución Española e o Estatuto de autonomía de Galicia e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.
- O respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.
- A protección da xuventude e da infancia.
- A separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios.

Pola súa banda o art.º 20 .1 da Constitución recoñece o dereito fundamental a recibir e comunicar información veraz polo que é preciso conciliar os intereses mediáticos -que deben estar dirixidos a construír unha opinión pública plural-coas garantías procesuais das partes intervenientes nos procesos xudiciais, cos dereitos fundamentais á honra, a intimidade ou a propia imaxe, e coa protección de datos. Moi especialmente, con respecto aos menores afectados por informacións xudiciais.

A EGAP deseñou unha xornada na que se abordan, entre outras cuestións, o dereito á información e os seus límites, o emprego de datos, imaxes ou comentarios extraídos da rede con fins informativos ou de investigación xornalística, os xuízos paralelos e os límites da publicidade procesual, o tratamento informativo en relación coas vítimas, e o populismo mediático. Temas que gardan relación cos conflitos entre honra, intimidade, imaxe e liberdade de información son fonte de inseguridade xurídica e que deron lugar a un número importante de demandas civís e penais. Proba diso é a diversidade das resolucións dos tribunais, tan casuísticas como imprevisibles, e as dúbidas dos letrados entre acudir á vía penal ou á civil.

DESTINATARIOS

Esta xornada diríxese principalmente a profesionais dos medios de comunicación con responsabilidade nas áreas de Dirección, Recursos Humanos, Comunicación, Servizos de Información, redactores e directivos ou outras persoas relacionadas con este campo das comunicacións así como interesados en xeral.

PROGRAMA

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-A Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a súa incidencia nos entes públicos de comunicación.

-Emprego de datos persoais recollidos de Internet ou redes sociais con fins informativos ou de investigación xornalística. Especial referencia á utilización de imaxes e datos de menores de idade.

-A protección da intimidade fronte a gravacións de imaxes e conversacións.

-Os xuízos paralelos en medios de comunicación.

-A formación da opinión pública e o tratamento dos temas penais nos medios de comunicación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Aforo do local

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 28/10/2014 a 28/10/2014

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ RAMÓN CHAVES GARCIA

Pintos & Salgado Abogados, S.C.

CARMEN JUANATEY DORADO

ANTONIO ROMA VALDES

XOSE LUIS VILELA CONDE

GUMERSINDO GUINARTE CABADA

XOSÉ MANUEL PEREIRO SÁNCHEZ

JORDI NIEVA FENOLL

Ana María Martínez Pedrosa

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 28 de outubro de 09:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA